


Os Golechas^{® TM}

PEPE CARREIRO

IR POLA RUA




INFORMACIÓN PARA PAIS E EDUCADORES

Con esta guía didáctica pretendemos que os máis cativos (2-5 anos) se familiaricen coa contorna urbana, coñezan os elementos básicos que atopamos nela e aprendan a manexarse sós neste ámbito.

Aprenderán a respectar o entorno e os demais cidadáns e adquiriran hábitos relacionados coa seguridade persoal, ademais de comezar a explorar un entorno físico-social tan cercano e cotián –pero tamén difícil e perigoso– como é a rúa.

APRENDIZAXE

- Formación persoal e social
- Competencia cidadá
- Conceptos básicos:
 - as cores; sobre todo, verde, vermella, branca
 - vocabulario básico da rúa
- Coñecemento da contorna:
 - coñecemento e interacción co mundo físico
 - vocabulario
- Educación viaria: normas e sinais de tráfico
- Educación cívica: manter relacións respectuosas e afectivas coas persoas do entorno próximo
- Educación
- Educación plástica: debuxo e pintura
- Grafomotricidade e maduración motriz: relacionar, recortar, pegar




1. APRENDER



Na rúa, debemos ir sempre pola beirarrúa, lonxe da calzada e atentos ao que nos rodea. Coidado ao pasar diante dun garaxe, que pode saír un coche!





Non debemos xogar na rúa: é perigoso e molestamos ao resto de peóns. Para xogar debemos ir aos parques e ás zonas de ocio!




Os cans deben ir sempre con correa e temos que recoller os excrementos e botalos nunha papeleira. Debemos manter limpa a rúa!





Ademais de papeleiras, na rúa hai bancos, farois que iluminan pola noite, caixas de correos e outro mobiliario ao noso servizo. Temos que coidar del, porque é de todos!




Debemos cruzar sempre cun adulto polos pasos de peóns, pintados con raias brancas na calzada, e comprobar que os vehículos están parados. Se hai semáforo, temos que esperar a que se poña en verde. En vermello non se pode cruzar nunca!



Ademais de semáforos, na rúa hai moitos sinais que nos indican que debemos facer para chegar ao noso destino sans e salvos. Debemos respectar todos os sinais, están para axudarnos!

Sinal de carril bici



Sinal de paso de peóns





Sinal de camiño reservado
para peóns




Sinal de circulación prohibida
para bicicletas e peóns



2. O SABICHÓN

Rodea en cor **vermella** o que **NON debemos facer** e en cor **verde** o que **SI debemos facer** na rúa.

Xogar á pelota



Cruzar polos pasos de peóns



Andar polo borde da beirarrúa



Levar os animais con cadea

Camiñar distraídos



Tirar papeis ao chan



Tirar as cacas dos cans na papeleira



Cruzar co semáforo en verde

3. ACTIVIDADES

A. RELACIONAR


Une cunha liña cada palabra co obxecto que designa.
Están cruzando ben Os Bolechas? _____

beirarrúa

coche


paso de
peóns

calzada



B. DEBUXAR E COLOREAR

Redebuxa este semáforo e coloréao de xeito que indique que podes cruzar a rúa.



C. COLOREAR, RECORTAR E RECORDAR

Imprime estes debuxos e colorea cadanseu boneco na cor que lle corresponde. Despois recórtalos, pega cada un nunha cara dunha cartolina e cólgao na porta do aseo. Se está verde, pódese entrar; se está vermello, hai que esperar.



